

A photograph of four young women lying on their backs on a grassy surface, looking up at the camera with bright smiles. They are wearing casual clothing: a yellow top, a floral patterned top, a blue denim shirt, and a white lace-trimmed top. The text 'COMUNIDADE ALUMNI' is overlaid in the top left corner in a large, white, outlined font.

COMUNIDADE ALUMNI

*Normativa de uso e
funcionamento do serviço*

A presente normativa de uso e de funcionamento do servizo da comunidade Alumni-da Universidade de Vigo (en diante Alumni-UVigo) ten por obxecto regular o funcionamento deste servizo prestado pola Universidade de Vigo a través da Vicerreitoría con competencias en materia de emprego, no que queda integrado o devandito servizo. A normativa estará dispoñible para todo o usuariado da comunidade e será de obrigado cumprimento, especialmente no que respecta ao réxime de admisión e de permanencia na comunidade.

1. Obxectivos da comunidade

A comunidade Alumni-UVigo créase co obxectivo principal de xerar un novo espazo de comunicación que permita non só manter activo o vínculo entre a Universidade de Vigo e as persoas tituladas ou outros colectivos que mantivesen vinculación académica ou contractual coa institución, senón tamén establecer sinerxías dentro do usuariado que faciliten o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Ademais, prevese que a creación da comunidade Alumni-UVigo contribúa, entre outros, a cumprir os seguintes obxectivos:

1. Colaborar coas tarefas de coñecemento da situación e da bagaxe profesional de antigo alumnado da Universidade de Vigo que veu desenvolvendo o Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.
2. Facilitar a localización de antigo alumnado da Universidade de Vigo, a quen lle poida xurdir algún asunto de interese particular ou colectivo: oportunidades de traballo, posibles colaboracións, reunións de antigo alumnado etc.
3. Apoiar a carreira e o prestixio profesional da comunidade Alumni-UVigo.
4. Favorecer as relacións de rede de contactos profesionais, así como aumentar as posibilidades de xerar oportunidades de negocio entre a comunidade Alumni-UVigo.
5. Organizar encontros da comunidade Alumni-UVigo.
6. Estreitar vínculos de colaboración entre as empresas e as institucións nas que se atopen integrados os usuarios/as da comunidade Alumni-UVigo e a propia UVigo, en materias de interese común.
7. Facilitar a difusión de ofertas de emprego ou de prácticas entre o alumnado e os egresados/as da Universidade de Vigo procedentes das entidades nas que traballe activamente a comunidade Alumni-UVigo.
8. Xerar unha base de datos de profesionais de antigo alumnado da Universidade de Vigo e que se consideren expertos nalgunha materia co fin de que poidan poñer o seu coñecemento ao servizo da comunidade.

9. Promover a acollida de alumnado e de persoas tituladas pola Universidade de Vigo que se despracen a cidades ou a países estranxeiros, ou que se incorporen a institucións ou a empresas nas que xa haxa presenza dalgún usuario/a da comunidade Alumni-UVigo.
10. Difundir a cultura do mecenado entre o usuariado da comunidade Alumni-UVigo e as entidades nas que se atopa integrado co fin de facilitar o apoio económico e o pagamento de gastos derivados da execución de accións de interese para a comunidade Alumni-UVigo.
11. Divulgar accións colectivas de carácter cultural ou social que poidan ser de interese para o usuariado da comunidade Alumni-UVigo.

2. Requisitos de consideración como Alumni-UVigo e recoñecementos

Serán recoñecidas e, polo tanto, consideraranse usuarios/as da comunidade Alumni-UVigo as persoas que cumpran algún destes requisitos:

- Titulados/as da Universidade de Vigo. Ter, sen que existise revogación posterior, algún título universitario de carácter oficial na UVigo, con independencia do momento no cal fose obtido o devandito título.
- PDI. Pertencer ao colectivo de persoal docente investigador (PDI) da UVigo, con independencia de que a relación coa institución sexa ou fose de carácter funcional ou laboral, da figura de PDI de que se trate ou tratase e da universidade na que obtivesen o título universitario.
- PAS. Pertencer ao colectivo de persoal de administración e servizos (PAS) da UVigo, con independencia de que a relación coa institución sexa ou fose de carácter funcional ou laboral e da posesión dun título universitario.
- Alumnado de programas de mobilidade. Haber cursado estudos nalgunha das titulacións universitarias oficiais na UVigo no marco de programas oficiais de mobilidade.

Ademais, de forma motivada, poderáselles outorgarse os seguintes recoñecementos:

- Alumni-UVigo honorífico/a: persoas non pertencentes a ningunha das categorías anteriores e que cuxa relevancia rexional, nacional ou internacional, ou os seus méritos de excelencia, as fagan merecedoras de tal distinción. Así será, en particular, con todos os doutores/as honoris causa pola propia universidade.
- Alumni-UVigo distinguido/a: usuariado de calquera perfil en atención á súa especial implicación coa comunidade, sexa a través de accións de mecenado, mentoría, facilitadoras de emprego, acollida etc.
- Amigo/a de Alumni-UVigo: achegados/as e amigos/as da Universidade que sen pertencer a ningunha das categorías definidas previamente mostren o seu manifesto para formar parte activa da comunidade.

3. Procedemento de solicitude de admisión e rexistro como Alumni-UVigo

Calquera persoa interesada en formar parte da comunidade Alumni-UVigo realizará unha solicitude a través do formulario creado con esta finalidade e publicado na web (<https://alumni.webs.uvigo.es/>)

Para facer esta solicitude soamente é necesario introducir o NIF. Unha vez a súa identidade como membro da Universidade de Vigo sexa verificada recibirá a confirmación de admisión.

A partir dese momento, cada usuario/a deberá cubrir, a través dun segundo formulario dispoñible na web, a información que se recollerá no seu perfil e pediráselle que acepte tanto a presente normativa así como a política de privacidade de datos.

Para un mellor aproveitamento dos beneficios de pertenza á comunidade Alumni-UVigo, o perfil de usuario/a ao que se fixo referencia no punto 2 de esta normativa conterá a seguinte información (indicase, entre parénteses, tanto o carácter obrigatorio/opcional coma o carácter público/non público de cada dato):

3.1 Datos comúns para cubrir por todo o usuariado

1. Nome e apelidos (obrigatorio/público)
2. Fotografía (opcional/público)
3. NIF (obrigatorio/non público)
4. Data de nacemento (obrigatorio/non público)
5. Enderezo electrónico (obrigatorio/non público)
6. Teléfono de contacto (obrigatorio/non público)
7. Vinculación coa UVigo (obrigatorio/público)
8. País e cidade de residencia (obrigatorio/público)
9. Usuario/a de LinkedIn, Facebook, Twitter ou Instagram (opcional/público)
10. Afeccións/Intereses (opcional/público)

3.2 Datos que cubrirán as persoas tituladas pola UVigo:

11. Tipo de título universitario (obrigatorio/público)
12. Título universitario obtido na UVigo (obrigatorio/público)
13. Ano de graduación (obrigatorio/público)
14. Centro da UVigo no que estivo adscrito (obrigatorio/público)
15. Outros títulos universitarios oficiais obtidos fóra da UVigo (opcional/público)
16. Situación laboral (obrigatorio/público)
17. Entidade na que traballa e posto ocupado (opcional/público)
18. Sector económico en que desenvolve a súa actividade (obrigatorio/público)

19. Rol(es) de achegamento de valor á comunidade Alumni-UVigo (opcional/público):

- a. Experto/a: profesional con coñecemento dunha materia concreta con disposición a poñer o seu coñecemento ao servizo da comunidade.
- b. Mentor/a: profesionais con máis de 5 anos de experiencia nun sector determinado, con disposición a exercer labores de orientación, tutela ou asesoramento profesional a Alumni noveis.
- c. Anfitrión/a: persoas dispostas a recibir outros Alumni nas cidades en que residan, sempre que sexa fora das provincias onde se sitúan os campus da UVigo (Pontevedra e Ourense), e orientar outros Alumni nos seus novos destinos.
- d. Embaixador/a: persoa con disposición a contribuír en accións encamiñadas a darlle visibilidade á UVigo nas súas cidades ou os países de residencia.
- e. Mecenas: persoa con disposición a facilitar contribucións de carácter privado para financiar actividades de interese xeral da UVigo.
- f. Patrocinador/a: persoa con disposición a facilitarlle achegas económicas ou en especie á comunidade.

O exercicio de cada un destes roles polo usuariado da comunidade Alumni-UVigo requirirá en todo caso da manifestación explícita de tal interese no perfil de usuario/a e, nos casos que así proceda, do recoñecemento expreso polas persoas responsables da xestión da comunidade. O manifesto de interese de exercer accións como parte dalgún(s) destes roles non implica a obrigatoriedade de cumprimento.

3.3 Datos que cubrirá o PDI da UVigo:

11. Tipo de Título universitario (obligatorio/público)
12. Título universitario obtido (obligatorio/público)
13. Ano de graduación (obligatorio/público)
14. Universidade na que obtivo o título (obligatorio/público)

3.4 Datos que cubrirá o PAS da UVigo:

11. Tipo de Título universitario (opcional/público)
12. Título universitario obtido (opcional/público)
13. Ano de graduación (opcional/público)
14. Universidade na que obtivo o título (opcional/público)

3.5 Datos que cubrirá o alumnado de programas de mobilidade:

11. Tipo de título universitario (obligatorio/público)
12. Título universitario obtido (obligatorio/público)
13. Ano de graduación (obligatorio/público)
14. Universidade en que obtivo o título (obligatorio/público)
15. Situación laboral (obligatorio/público)

16. Entidade na que traballa e posto ocupado (opcional/público)
17. Sector económico no que desenvolve a súa actividade (obligatorio/público)
18. Rol(es) de achegamento de valor á comunidade Alumni-UVigo (opcional/público)

Toda a información e os datos enumerados facilitados polas persoas rexistradas, ou que figuren xa en poder da UVigo, integraranse na base de datos da comunidade Alumni-UVigo, tendo toda a información que figura como pública tal carácter unicamente para o uso dentro da comunidade.

Desde o momento no que cada solicitante valide o seu perfil pasará a considerarse usuaria ou usuario da comunidade Alumni-UVigo e poderá dispoñer e usar a acreditación que o recoñece como tal para todos os efectos.

4. Dereitos e obrigacións como usuario da comunidade Alumni-Uvigo

O recoñecemento como usuario da comunidade Alumni-UVigo e o mantemento de tal condición supoñerán, en calquera caso, do goce dos dereitos implícitos á Comunidade, así como a asunción das obrigacións que lle son propias.

4.1 Dereitos:

1. Recibir unha acreditación como usuario/a da comunidade Alumni-Uvigo.
2. Difundir o seu perfil entre o resto do usuariado de Alumni-UVigo para os fins propios da comunidade.
3. Establecer contactos co resto de usuarios/as de Alumni-UVigo.
4. Recibir ofertas de emprego que se poidan axustar ao seu perfil.
5. Difundir, a través da Área de Emprego e Emprendemento, ofertas de emprego ou prácticas académicas externas dirixidas tanto á comunidade Alumni-UVigo coma ao resto da comunidade universitaria.
6. Participar en accións colectivas de carácter cultural, social, electivo etc.
7. Gozar doutras vantaxes que ofrezan tanto a UVigo coma entidades colaboradoras á comunidade, tales como:
 - a. Actividades de extensión universitaria, tanto culturais coma deportivas (acceso a instalacións e participación en actividades ofrecidas polo servizo)
 - b. Uso do servizo da biblioteca da UVigo e servizos de préstamo de libros.
 - c. Acceso á oferta formativa ofrecida polo Centro de Linguas.
 - d. Acceso ao Servizo de Orientación Laboral
 - e. Acceso ao Servizo de Creación de Empresas
6. Promover a súa marca ou dar a coñecer a súa imaxe no caso de que exerza o rol de patrocinador/a ou mecenas.

7. Acceder a recoñecementos, premios, axudas etc., promovidos para ou pola comunidade Alumni-UVigo.
8. Acceder á información asociada aos dereitos de transparencia propios da comunidade.
9. Promover a súa marca ou dar a coñecer a súa imaxe no caso de que exerza o rol de patrocinador/a ou mecenas.
10. Acceder a recoñecementos, premios, axudas etc., promovidos para ou pola comunidade Alumni-UVigo.
11. Acceder á información asociada aos dereitos de transparencia propios da comunidade.
12. Ter a posibilidade de modificar a información contida no seu perfil e a debida protección dos seus datos.
13. Solicitar e facer efectiva a súa baixa como usuario/a da comunidade.
14. A calquera outro dereito que poida ser considerado no futuro pola vicerreitoría responsable do funcionamento do servizo da comunidade Alumni-UVigo.

4.2 Obrigacións:

1. Cumprir a presente normativa.
2. Comprometerse cos principios e cos fins da comunidade e, en especial, a non utilízalos con finalidades distintas ás que lle son propias, actuando sempre de forma ética.
3. Participar, no posible, nos roles identificados como os do seu interese.
4. Cubrir, manter actualizada e validar a información contida no seu perfil, permitindo así compartila exclusivamente co resto de Alumni-UVigo e para os fins propios da comunidade.
5. Acreditar a condición de Alumni-UVigo para acceder ás vantaxes ofrecidas cando así se lle solicite.

5. Responsabilidades do servizo e funcións

A vicerreitoría con competencias en materia de emprego será a responsable do funcionamento do servizo comunidade Alumni-UVigo, así como da toma de decisións que procedan ante calquera circunstancia xurdida en relación coa súa actividade. De acordo con iso, as funcións propias da vicerreitoría, en relación co servizo Alumni-UVigo, serán:

1. Aprobado e modificar, no seu caso, a presente normativa.
2. Determinar as liñas estratéxicas e o plan anual de actuación do servizo Alumni-UVigo.
3. Propoñer, organizar e supervisar accións colectivas –eventos, axudas, premios etc.– de carácter social, electivo, de promoción etc.

4. Facilitar, a pedimento do usuariado interesado, tras solicitar o oportuno consentimento, a comunicación entre o da comunidade Alumni-UVigo e o resto de partes interesadas: a Universidade de Vigo, o Consello Social da Universidade de Vigo, a Federación Alumni España e outros Alumni nacionais ou internacionais, as administracións públicas, o almacén empresarial, profesionais e sociedade en xeral.
5. Propoñer, con carácter anual, as asignacións orzamentarias necesarias para cubrir os servizos ofrecidos ao usuariado do servizo Alumni-UVigo para incluílos no orzamento da Universidade de Vigo.
6. Buscar financiamento necesario para cubrir os gastos das accións previstas e, no seu caso, a contratación de asistencias técnicas, servizos ou subministracións necesarias para executalos.
7. Velar polo cumprimento dos dereitos e das obrigas de Alumni-UVigo e interpretar e tomar decisións sobre calquera asunto exposto no marco da comunidade. En particular, a toma de decisións sobre a continuidade como usuario/a do servizo cando se contraveña o recollido na presente normativa ou se actúe en contra da finalidade ou dos principios da comunidade.
8. Xestionar as altas e as baixas do usuariado Alumni-UVigo, especialmente, nos casos nos que se requira o cotexo manual da información proporcionada polas persoas solicitantes formar parte da comunidade Alumni-UVigo.
9. Xestionar a páxina web da comunidade, as súas redes sociais e, de ser o caso, outras das súas canles de comunicación aos que os usuarios/as da comunidade se poderán adherir voluntariamente.
10. Xestionar, a través da Área de Emprego e Emprendemento, as ofertas de emprego ou prácticas académicas externas recibidas para difundilas a través da comunidade Alumni-UVigo.
11. Determinar criterios e as comisións de valoración en posibles convocatorias de premios, axudas etc., promovidos por ou para os usuarios/as da comunidade Alumni-UVigo.
12. Propoñer e tramitar o recoñecemento de Alumni-UVigo honoríficos e distinguidos.
13. Trasladarlle á unidade da vicerreitoría competente as propostas de mecenado recibidas a través da comunidade Alumni-UVigo.
14. Propoñer o establecemento de contías e as condicións de aplicación de futuros pagamentos de inscrición en posibles actividades e eventos puntuais que sexan de interese para o usuariado da comunidade Alumni-UVigo.

6. Protección de datos


De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPd), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), os datos das persoas interesadas serán tratados pola Universidade de Vigo, con CIF 8650002 B e domicilio social no edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo, quen terá a condición de responsable do tratamento.

A Universidade de Vigo aplicará os principios relativos ao tratamento dos datos persoais de conformidade co artigo 5 do RXPd e os artigos 4, 5 e 6 da LOPDGDD, coa política de privacidade xeral da Universidade de Vigo (accesible en uvigo.gal/proteccion-datos, epígrafe «Información sobre protección de datos») e coa política de privacidade do propio servizo da comunidade Alumni-UVigo (nos termos en que lles será ofrecida ás persoas interesadas no momento de acceder á plataforma ou sistema).

7. Ferramentas de comunicación

Como ferramentas de comunicación, a comunidade Alumni-UVigo disporá de:

1. Os recursos habilitados na propia aplicación web de xestión da comunidade: <https://alumni.webs.uvigo.es/>
2. As redes sociais da comunidade (opcional para todo o usuariado): Facebook, Twitter, LinkedIn, Instagram.
3. O correo electrónico da comunidade Alumni-UVigo: alumni@uvigo.gal.



COMUNIDADE ALUMNI

*Política de privacidade
de uso do serviço*

As persoas interesadas deberán ler con atención esta política de privacidade, a cal se redactou de forma clara e sinxela para facilitar a súa comprensión, e determinar libre e voluntariamente se desexan facilitar ou, no seu caso, autorizar o emprego dos datos que xa estean en posesión da Universidade de Vigo co fin de ingresar e formar parte de comunidade Alumni-UVigo.

1. Responsable do tratamento

De conformidade cos principios de transparencia e de información dispostos nos artigos 12, 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPd), e no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase as persoas interesadas de que os seus datos serán tratados pola Universidade de Vigo (en adiante, «responsable do tratamento» ou «universidade»), co CIF 8650002 B e domicilio social no edificio Exeria, campus universitario, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo.

A Universidade de Vigo como responsable do tratamento aplicará os principios relativos ao tratamento dos datos persoais de forma lícita, leal, transparente, adecuada e exacta, garantindo a súa integridade e confidencialidade, de conformidade co artigo 5 do RXPd e os artigos 4, 5 e 6 da LOPDGDD.

2. Bases de lexitimación e finalidades perseguidas

As bases xurídicas que lexitiman este tratamento de datos correspóndense tanto co consentimento das persoas interesadas para acadar un ou varios fins específicos e definidos na normativa de comunidade Alumni-UVigo [artigo 6.1 a) do RXPd] coma con que tal tratamento é necesario para cumprir unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento [artigo 6.1.e) do RXPd, de conformidade coa lexislación universitaria].

Os datos do perfil das persoas rexistradas na comunidade Alumni-UVigo trátanse unicamente para acadar as finalidades sinaladas no apartado 1 da Normativa de uso e de funcionamento da comunidade Alumni-UVigo (accesible en alumni.uvigo.gal) como «Obxectivos da comunidade».

3. Categorias de datos persoais tratados

De acordo co previsto no apartado 3 da mencionada normativa, os datos que configuran o perfil das persoas usuarias poden provir da propia universidade ou ser achegados polas propias persoas interesadas. Estas garantirán que os datos que xa están en poder da universidade e que poidan estar suxeitas a variación, así como os datos facilitados, son certos, exactos, completos e actualizados. Para estes efectos, responderán á súa veracidade, polo que manterán convenientemente actualizada a información facilitada, de tal forma que responda á súa situación real. Así mesmo, serán responsables das informacións falsas ou inexactas que proporcionen a través do sitio web e dos danos e perdas directos ou indirectos que iso lles cause á universidade ou a terceiros.

En aplicación do principio de proporcionalidade do tratamento, as categorías de datos persoais requiridos enumeradas no apartado 3 desta normativa clasifícanse en obrigatorios e en opcionais.

Indícanse como públicos, os considerados esenciais para prestar o servizo, polo que ninguén se poderá dar de alta cun perfil de persoa usuaria na comunidade Alumni-UVigo sen a súa achega ou confirmación.

Os optativos serán de achega voluntaria, pero como son considerados necesarios para cumprir con algunha das finalidades establecidas, se non se facilitan ou non se fai correctamente, tales finalidades poderían non cumprirse adecuadamente.

En todo caso, tal e como se indicou no apartado 3, os que figuran como públicos unicamente terán ese carácter dentro da comunidade Alumni-UVigo, e serán só visibles para o resto de membros.

4. Confidencialidade e seguridade

En todo caso, todos os datos (obrigatorios e optativos, públicos e privados) que configuran o perfil de cada persoa usuaria, estarán a disposición do persoal da universidade encargado da xestión do servizo, dependente da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, coa finalidade de garantir a xestión no relativo á admisión e ao mantemento da condición das persoas usuarias e, en xeral, para facilitar a comunicación recíproca entre estas e a propia universidade, e cumprir cos fins propios da comunidade Alumni-UVigo.

En todo momento, a Universidade de Vigo tratará os datos das persoas da comunidade Alumni-UVigo de forma absolutamente confidencial e gardará o preceptivo deber de segredo respecto deles, de conformidade co previsto na normativa de aplicación, adoptando para o efecto as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garanten a seguridade dos seus datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos.

5. Cesións e transferencias internacionais

Os datos persoais das persoas interesadas non se cederán a terceiros. Se por algunha razón fose necesario comunicar os citados datos a terceiros, informárase previamente e, no seu caso, solicitaráselles o seu consentimento especificándoselles as finalidades da comunicación e a identidade ou terceiro ao que van ser comunicados. Todo isto, sen prexuízo dos requirimentos legalmente establecidos.

Non se prevén transferencias internacionais dos datos de carácter persoal.

6. Conservación

Salvo que a persoa interesada se dea de baixa, indique a súa vontade en contra ou solicite a supresión dos seus datos, estes conservaranse só durante o tempo preciso. Deixarán de tratarse cando deixen de ser necesarios para as finalidades que xustificaron a súa recollida e posterior tratamento, sen prexuízo de que tales datos poidan conservarse durante o prazo de prescrición das accións legais correspondentes e, en todo caso, para cumprir con obrigacións legais.

7. Dereitos das persoas interesadas en materia de protección de datos

As persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo poderán cancelar en calquera momento o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais, sen prexuízo de que esta cancelación non producirá efectos retroactivos.

Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento; ademais terán dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Todos estes dereitos poderán exercerse mediante unha solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentala a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, mediante o seu rexistro ou empregando calquera dos medios indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; solicitude que se remitirá á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, edificio Ernestina Otero, campus universitario, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra) para a súa tramitación.

Igualmente poderán dirixir a devandita solicitude directamente á delegada de protección de datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se os seus dereitos non fosen atendidos, as persoas interesadas teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

8. Información complementaria

Pode obter máis información en: uvigo.gal/proteccion-datos

